

Crear cultura,
imaxinar país




Vinte e cinco anos
do Consello
da Cultura Galega



Palestras maxistras

Manuel Gallego Jorreto

Corenta anos de arquitectura



Palestras maxistras

O ÁMBITO CIENTÍFICO E O ÁMBITO CULTURAL SEMPRE CAMIÑARON DA MAN. A CIENCIA CONSTITÚE UN ELEMENTO ESENCIAL DA CULTURA QUE SERVE PARA ACHEGAR IDEAS ÁS GRANDES PROBLEMÁTICAS DE

TODOS OS TEMPOS. O CONSELLO DA CULTURA GALEGA, A DIRECCIÓN XERAL DE I+D+i DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS ORGANIZAN O CICLO DE PALESTRAS MAXISTRAS CO OBXECTIVO DE QUE GRANDES EXPERTOS DO SISTEMA CIENTÍFICO E UNIVERSITARIO DO NOSO PAÍS COMPARTAN A SÚA VISIÓN DA EVOLUCIÓN CULTURAL E CIENTÍFICA DE GALICIA DENDE CADANSÚA DISCIPLINA. ESTAS TRIBUNAS PERMITIRÁN PERIÓDICAMENTE A PRESENZA DE DESTACADOS PERSOEIROS QUE EXPORÁN OS SEUS PUNTOS DE VISTA CIENTÍFICOS VINCULÁNDOOS COA TRADICIÓN CULTURAL GALEGA E CO FUTURO DO PAÍS. UN RECOÑECIMENTO DA CULTURA GALEGA Á SÚA EXCELENCIA CIENTÍFICA E INTELECTUAL.

Manuel Gallego Jorreto (O Carballiño, 1936) obtivo o título de Arquitecto na etsa de Madrid (1963). É profesor titular na ETSA da Coruña, na que exerce a docencia desde 1978, e catedrático de proxectos arquitectónicos. Entre as numerosas mencións e galardóns que recibiu destaca o Premio Nacional de Arquitectura (1997). Na actualidade desenvolve o seu labor profesional desde o seu estudio na cidade da Coruña.

A súa obra baséase nunha clara preocupación polo lugar como soporte da historia. O seu coñecemento da arquitectura e da cultura tradicionais permítille abordar unha obra dinámica e, ao mesmo tempo, reflexiva. A preocupación polo carácter e a función do proxecto, constantes na súa traxectoria, non impiden que atope unha linguaxe expresiva e directa, na que historia e modernidade se sitúan nun claro equilibrio de forzas que define un xeito propio de entender a arquitectura, plasmado nunha adaptación ás circunstancias e necesidades. A súa obra acadou un lugar de seu na nosa topografía cultural, desde o cal o arquitecto desenvolve unha perspectiva independente e permanentemente crítica. O peso da tradición e do compromiso do arquitecto conxúgase con dúas constantes: a idea do lugar e a noción da memoria. Entre as súas obras pódense citar a Vivenda Unifamiliar de Corrubedo (1969), os Institutos de Investigación de Santiago de Compostela (1992-2000), a Vivenda El Pinar (Oleiros, 1977), o Complexo Presidencial de Santiago (2000-2002), Museo de Belas Artes da Coruña (1988-1995), o Museo de Arte Sacra da Colexiata de Santa María (A Coruña, 1982-1987) ou a Piscina Cuberta de Chantada (1998-2002).

O presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, ten o pracer de te convidar á palestra maxistral **Corenta anos de arquitectura**, que impartirá o arquitecto Manuel Gallego Jorreto.

25 de marzo de 2008 ás 17 horas

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 95 72 02 Fax 981 95 72 05